

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS SOLICITANTES PARA COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

- Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras subscrito por técnico competente, visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, no caso de comunicación previa de primeira ocupación de edificacións amparadas en licenza de obras que requiran proxecto técnico (artigo 146.1.f) da Lei 2/2016).
- Impresos de alta da edificación con rexistro de entrada na Delegación de Facenda (Impreso 900D).
- Certificación do técnico director (modelo URB-004-B Anexo certificado técnico).
- Unha fotografía de cada fachada do edificio.
- Xustificante do rexistro de inscrición na Xunta de Galicia (INEGA) do certificado de eficiencia enerxética (CEE) da obra executada.
- Proforma de escritura de obra nova e división horizontal, cando fose preciso.
- Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora. Fotocopia dos boletíns de instalacións de auga, electricidade e gas (artigo 146.1.g) da Lei 2/2016).
- Certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos da adecuada execución das acometidas das redes de subministro, no caso de comunicación previa de primeira ocupación de edificacións (artigo 146.1.g) da Lei 2/2016) (O interesado deberá solicitalo directamente ás empresas subministradoras).
- Proxecto de estado final da obra, se fose preciso (coa súa memoria correspondente).
- Xustificante do pago da taxa.
- Certificado de fin de obra de infraestrutura común de telecomunicacións. (só en edificios).
- Boletín de instalación de telecomunicacións (só en edificios).
- Informe acústico conforme o artigo 10 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
- Documento acreditativo asinado polo/a interesado/a e a dirección facultativa das obras reflectindo o orzamento de proxecto e de liquidación provisional do I.C.I.O., e o orzamento das obras efectivamente executadas, para os efectos da súa liquidación definitiva.